

A Cámara incorpora dúas novas empresas a un plan de iniciación á exportación

Pasek Minerales e DINAIN, foron seleccionadas este ano para incorporarse ao Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE).

Ferrol. 23/07/2010. A Cámara de Comercio de Ferrol seleccionou as empresas Pasek Minerales S.L. e Diseño Naval e Industrial S.L. (DINAIN), para incorporarse este ano ao Plan de Iniciación á Promoción Exterior - PIPE.

O plan, no que colaboran o ICEX, as comunidades autónomas e as Cámaras, axuda a converter a pequenas e medianas empresas en exportadoras estables de forma sinxela e sen riscos. O PIPE conta cun orzamento, para executar en dúas anualidades, de 46.000 euros por empresa.

Pasek Minerales, empresa mineira con sede en Cariño, que se dedica á extracción e tratamento da dunita e que comercializa a práctica totalidade do seu produto no ámbito nacional, pretende coa axuda deste programa procurar novos usos do material e introducirse noutros mercados.

Pola súa parte, DINAIN, firma de enxeñería que traballa para o sector naval, fundamentalmente para Navantia, busca ampliar a súa carteira de clientes noutros mercados. Así o obxectivo da súa adhesión ao programa é a procura de colaboracións con oficinas técnicas doutros países, especialmente en Brasil, Rusia e a India.

O Plan de Iniciación á Promoción Exterior é un programa integral que acompaña á empresa en todo o proceso de internacionalización e que se estrutura en tres fases. A primeira, ou de diagnóstico, cunha duración estimada de dous meses, ocúpase de realizar a análise previa da posición competitiva e do potencial de internacionalización da empresa, co apoio dun titor, un profesional formado e preparado para este efecto.

Nunha segunda fase, ao longo de seis u oito meses, desenvólvense, coa axuda dun promotor externo, os traballos necesarios para abordar e consolidar o proceso de apertura ao exterior, deseñando un programa de internacionalización.



Por último, na terceira faseponse en marcha o plan de acción.

Durante todo o proceso, as empresas terán unha serie de prestacións adicionais (formación e asesoramento) ofertadas polas Cámaras e por ICEX. Ademais o Instituto de Comercio Exterior lles proporcionará, a través do club PIPE, servizos como tradución simultánea, liñas de financiamento, analistas no estranxeiro, participación en feiras, etc.

